


Benvidos á escola!



Ceip Eusebio da guarda
CURSO 2020-2021

As mestras de Educación infantil queremosvos dar a benvida a todas as familias, pais, nais e nenos e nenas nesta nova etapa da vida.

Toda unha aventura chea de emocións que entre todos superaremos pasiño a pasiño con coidado e agarimo.

Para os cativos e cativas significa tamén a primeira separación do seu medio familiar. Isto non é sinxelo, de aí que unha axeitada elaboración desta separación, coidando a continuidade do apego entre pais, nais e educadoras/es e a transición entre contextos, familia e escola, permitirán aos nenos e ás nenas sentar as primeiras bases da súa autoconfianza.

Entre todos formaremos persoas solidarias, cultas, tolerantes e, por suposto, felices.

Neste folleto vos informamos dalgunhas cousiñas que deberedes ter en conta para o bo funcionamento e organización da escola e das aulas dos vosos fillos e fillas.


Toda esta información que vos expoñemos a continuación e a que empregamos cada curso escolar no noso cole Eusebio da Guarda, pero por mor do Covid-19, pode verse modificada ou alterada en pequenos detalles no vindeiro curso 2020/2021.

Por iso, consideramos moi importante que consultedes con frecuencia a páxina Web do centro. Nela publicaremos todas as novidades que poidan afectar á nosa Comunidade educativa.

www.edu.xunta.es/centros/ceipeusebiodaguarda

1-. HORARIOS

- Comezamos as clases o día **10 de setembro**
- Sobre o **Periodo de adaptación (días, horarios e funcionamento)** iremos informando na páxina web en función das instrucións que publique a Xunta atendendo a calquera novidade relacionada coa situación da pandemia sobre o Covid-19.
- A principios de setembro **publicaremos na páxina Web e no centro o listado dos tres grupos (A-B-C) de 3 anos, así como a organización do período de adaptación e horarios.**
- **Horario Xeral do curso:** O alumnado de 3 anos entrará ás **9:00h** e sairá ás **13:45h** pola porta pequena do edificio.
- Para ir creando bos hábitos é necesario regularidade e **puntualidade** na asistencia, non debendo faltar se non é por un motivo xustificado (enfermidade...). Para iso é indispensable que o neno /nena siga un horario de sono e comidas que non lle faga quedarse durmido polas mañás ou acudir á escola sen almorzar.



- É moi importante comunicar á titora os retrasos, avisos e faltas de asistencia, mellor por escrito.
- Cando teña que vir unha persoa distinta da habitual a recoller ao neno/a deberedes cubrir previamente unha autorización e avisar sempre á titora.
- Prégase que non pasedes da porta de entrada nin a taponedes. Así teremos un mellor funcionamento e axilidade das entradas e saídas.
- A principio de curso o centro entregará o calendario escolar do curso 2020-21 cos días lectivos, vacacións, festividade, ... e máis información.

2-. ENFERMIDADES

Os nenos/as non deben asistir á escola si:

- Presentan síntomas que poden estar relacionados co Covid-19.
- Teñen febre, decaemento xeral ou dor, pois, nese caso non se sentirán ben, e probablemente haberá que levalos de volta para a casa.
- Se sofren diarreas ou vómitos.
- No caso de enfermidades contaxiosas (papeiras, varicela, escarlatina, conxuntivite...) Nestes casos é especialmente importante que nos avisedes.
- Cando teñen piollos.
- Se o cativo/a enferma na escola trateremos de localizar ás persoas de contacto que tedes sinalado (se cambiades os datos notificádenoslo).
- É importante que nos comuniquedes se o voso fillo/a ten que seguir algún tratamento, precaución ou medida especial, se ten algunha alerxia, etc.
- No centro non se pode dispensar ningún medicamento pola propia conta, polo que se algún neno precisa medicación deberá vir a familia a sumístrarllela no horario preciso.

3-. A ROUPA

- Debe ser cómoda, que lles permita moverse con facilidade e ir ao servizo por si mesmos. Evitade cintos, tirantes, botóns difíciles, petos...
- **Todo marcado co nome e apelido** (abrigos, chaquetas, mochilas...)
- Cinta para colgar (de 12 cm.) no mandilón, xerséis, abrigos, sudadeiras...todo o que precisen colgar na percha.
- O calzado sen cordóns, de velcro para facilitar a súa autonomía.
- Que non traian paraugas, colares, aneis, pulseiras...pois poden mancarse e/ou perdelos.
- O **mandilón** é o que está exposto na entrada do colexio. Os nenos/as o traerán e levarán posto da casa. Cada clase se identificará cun lazo de cor diferente (verde, rosa e azul claro). Informarase en setembro da cor

correspondente a cada grupo. Deberá estar cosido de forma visible, a altura do peito na parte esquerda do mandilón e o nome enriba do lazo. Medidas 7 x 2'50 cm. horizontalmente.

4-. A HIXIENE

- **Control de esfínteres:** É convinte que todos os nenos e nenas controlen esfínteres no momento da súa incorporación á escola, dende a casa deberedes contribuir a que os vosos fillos adquiran canto antes a maior autonomía posible.
- No colexio **non mudamos** aos nenos/as e en caso de necesidade vos chamaremos para que veñades a cambialos.

5-. A ALIMENTACION

- **Merendas:** Antes do recreo (que é de 11:10 a 11:40) adicaremos un tempo a merendar. Para iso, facilitarémvos un menú de “Merendiñas saudables” para toda a semana (non é un almorzón, senón un tentempié, mellor pouca cantidade e preparada -a froita pelada e cortada-). Mandádelle unha servilleta ou manteliño de tea para pousar enriba a merenda. Tamén terán que traer auga nunha cantiplora ou similar pois é a nosa intención eliminar no posible as botellas de plástico.
- É importante que poñades o nome nas súas cousas (tupper, cantimplora, bolsas...). Pérdense moitas cousas por non levar o nome.
- **Aniversarios:** Os días de cumpleaños podedes mandar un biscoito ou doce caseiro para soprar as velas e compartir cos compañeiros un anaquiño, cantar, bailar... pero teñen que poder comelo coas mans polo que evitade mandar tartas que precisen culleres ou garfos. Mellor non abusar das chuches nin dos cucurucho de tringalladas. Só repartiremos invitacións se son para toda a clase; en caso contrario poderedes facelo vós mesmos ás horas de entrada e saída, fóra do colexio.

6-. O MATERIAL

É importante que os nenos se afagan a compartir, polo que a maioría do material será común para todos en cada aula. Ademais do material impreso xa comunicado, propoñémvos facer unha compra conxunta, que sexa máis axeitada ao que realmente necesitamos e nos permita mercar materiais máis variados. Deste xeito, solicitámvos unha aportación económica que utilizaremos ao longo do curso para mercar o material que precisemos (máis información en setembro).

7-. ORGANIZACIÓN DAS XORNADAS

Ao longo da mañá sucederanse distintos tempos, agrupamentos e tipos de tarefas que se completan coas distintas especialidades que impartirán as mestras de apoio:

- Inglés: Unha sesión semanal
- Psicomotricidade: unha sesión semanal no ximnasio (o día que lles toque deberán traer chándal e zapatillas deportivas).
- Música: Unha sesión semanal.
- Informática: Unha sesión semanal .
- Relixión ou Valores sociais e cívicos: Unha sesión semanal

Unha vez feitos os horarios informáremosvos dos días que lles toca cada unha das especialidades así como dos nomes dos profesores.

8-. SAÍDAS E EXCURSIÓNS

As saídas escolares teñen moita importancia, pois representan unha fonte de experiencias sobre o medio que rodea o neno e a nena e abre unha xanela a lugares que non coñecía. Durante a etapa de infantil fanse distintos tipos de saídas:

- Culturais: museos, concertos, bibliotecas, teatro...
- Coñecemento da contorna: os bombeiros, parques e xardíns, granxas-escolas, rúas e mercados...

Unhas a pé e outras en bus, pero todas interesantes polo que é importante que todos os cativos/as asistan, pois realízanse actividades previas e posteriores relacionadas coas mesmas.

Para todas as saídas que se fagan necesitamos contar coa vosa autorización por escrito (impreso que cubriredes xunto coa matrícula).

9-. ENCONTROS FAMILIA – ESCOLA

A participación e colaboración das familias é fundamental para un adecuado funcionamento do noso centro e por iso é necesario que esteades ben informados a través de:

- a) **Reunións xerais**: con todos os pais e nais dos alumnos/as da etapa, do nivel ou de aula. Sabemos que ás veces resulta imposible asistir polo que a información relevante enviarase polos cativos/as.

- b) **As titorias:** Entrevistas persoais que poderedes ter coa titora e coñecer así a súa evolución na escola.
O horario de atención aos pais e nais será: LUNS de 17:00 a 18:00.
Sempre con cita previa e procurade vir sen os cativos/as (condiciona moito que o neno/a esté presente se estamos a falar del/dela)
- c) **Os folletos informativos:** enviaremos polos nenos notas informativas para comunicar asuntos de interese.




10-. INFORMACIÓN ESPECÍFICA SOBRE O PERIODO DE ADAPTACIÓN

O Periodo de adaptación é o proceso polo o que os nenos e nenas chegan a acomodarse a un novo medio, ao medio escolar, que non é coñecido nin habitual.

Neste proceso os cativos/as deben coñecer ese lugar, facelo propio, chegar a gozalo, establecer vínculos de relación... e isto leva o seu tempo, de aí a consideración de sentir o proceso de adaptación como unha necesidade do alumno/a.

Nel, poñeranse en xogo procesos cognitivos e afectivos complexos, todos eles transcendentais no proceso de socialización. Estes cambios poden xerar alteracións de tipo afectivo, cognitivo, relacional, somático... e os tempos e ritmos de superación resultarán diferentes para cada nena e cada neno.

Por todo isto precisamos que ao longo do verán vaiades preparando este momento con algunhas **recomendacións** que vos facemos:

-  Faládelle da escola en ton afectivo e gratificante (nin é ideal nin é un castigo). A escola é un lugar para aprender e facer amigos e amigas.
-  Procurar na casa que se habitúen a ir ó servizo, lavar as mans, **estornudar e toser no cóbado**, poñer e sacar determinadas prendas, manter orde e limpeza persoal... Todo aquilo que estea ó seu nivel e lle poida proporcionar autonomía.
-  Ver libriños, material escolar, cores... e moitas outras cousas que usará na escola.

- ✚ Ir procurando pensar en roupas cómodas, folgadas... que lles permita moverse con facilidade e liberdade. Evitar petos e cintos, ¡sonlles un enredo para abotoar! e non lles deixan facelo autónomamente.
- ✚ Non amosar preocupación excesiva ante o neno ou nena. Danse conta das actitudes que temos con moita facilidade.
- ✚ Conversade con eles con corrección e animádeos a mellorar a súa pronunciación.

As profes de infantil precisamos coñecer algúns datos sobre o noso alumnado que só as familias nos podedes dar, por iso, solicitámosvos encarecidamente que cubriades atentamente a entrevista inicial que vos adxuntamos coa matrícula para presentala no momento de formalización da mesma.

Coa vosa información poderemos facer os agrupamentos dun xeito o máis heteroxéneo posible. Tendo en conta datos como a data de nacemento, irmáns xemelgos, paridade, posibles necesidades... e así acadaremos unha mellor organización dos grupos e do centro.

Sabemos que este folleto contén moita información sobre o funcionamento das nosas aulas. Esperamos que vos sexa útil. Recomendámosvos consultalo sempre que teñades algunha dúbida.

Recibide un saúdo moi especial das mestras de Educación Infantil.